

Dez pasos para revitalizarmos o galego



1 **Fala en galego con todo o mundo: coa familia, coas amizades, coa xente que encontres pola rúa...** Fai o propósito de te comunicares en galego sempre, mesmo con aquelas persoas coas que até o de agora falaches en castelán.

2 **Mantente fiel ao idioma galego. Continúa a utilizalo, aínda que che respondan noutra lingua.** Se de verdade a persoa coa que estás a falar non te comprende e tes que mudar a outro idioma, faracho saber.

3 **Toma a decisión de escribires todos os apuntamentos, notas, correos electrónicos, chíos, cartas, etc. en galego.** Escolle a opción de galego no teu caixeiro automático, no telemóbel, nas redes sociais de internet, etc.

4 **Faite subscritor/a de publicacións escritas total ou en boa parte en galego. Le libros, asiste a espectáculos teatrais, musicais, cinematográficos, visita páxinas web etc., na nosa lingua.** Apoia os produtos e servizos que usan o galego na publicidade, etiquetaxe, atención ao público, etc. Forma parte plena da comunidade lingüística galega!

5 **Se tes como lingua habitual o castelán e aínda non te ves capaz de falar en galego de forma habitual, interésate pola lingua de Galiza.** Comeza escollendo o galego como idioma no teu caixeiro, nas túas redes sociais, no teu telemóbel, etc. E, o máis importante, tenta falalo e escribilo, porque a mellor defensa de calquera lingua é o seu uso. Non te cortes! Verás que, se te soltas, es capaz de falar en galego moito mellor do que imaxinas!

6 **Respecta aquelas persoas que che falen noutra lingua, mais exixe que tamén as outras persoas respecten a túa.** Non lle digas á xente que lingua debe falar. Abonda con que deixes que os feitos falen por ti.

7 **Se alguén se esforza en falar o noso idioma, a mellor forma de lle demostrares que valoras o seu comportamento é continuando a falar en galego con normalidade.** Un eloxio exaxerado ou festexar diante doutra xente que esa persoa comezou a falar en galego pode causar vergoña e facer que axiña se abandone o galego. A normalidade é o maior afago.

8 **Se for o caso, galeguiza o teu nome e restaura o teu apelido.** Pídelle a todo o mundo que te chame así e escíbelle a institucións e empresas para que se dirixan a ti coa nova forma oficial do teu nome e apelidos.

9 **Exixe de todas as administracións e empresas de que sexas clienta ou cliente que te atendan en galego. Faino amabelmente.** Nunca esquezas no teu día a día solicitar que a documentación vinculada coa túa vida estea en galego, mais non perdas o tempo e os nervios en pelexas cos inimigos declarados da lingua do país. A eses déixaos de lado, ignóraos.

10 **De sentires un bloqueo psicolóxico, como adoita ocorrer, ao pasar a usar o galego con persoas e en ambientes en que sempre falaches castelán, podes comezar falándoo con descoñecidos,** practicándoo en situacións novas, para o ires introducindo despois na túa esfera habitual. Lembra que para falar un idioma ben, primeiro hai que falalo mal e que a lingua que non se fala é a lingua que morre.